



EXPTE: 328/2018

Procedemento: Persoeiro do Ano 2018

## NOTIFICACIÓN

Por medio do presente poño no seu coñecemento que polo Alcalde, en data 18/01/2018 acordouse a seguinte:

### RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

A vista da proposta formulada pola Concelleira de Cultura e Turismo para proceder á convocatoria para a elección de persoeiro do ano 2018, e

Visto o Regulamento de Honores e Distincións do Concello de Redondela que seu Capítulo VIII, prevén a distinción especial, Ano na Memoria de ..., para o que anualmente se convocará a elección do persoeiro do ano,

Esta Alcaldía, ó amparo do previsto no artigo 24 e 25 do devandito Regulamento,

### RESOLVE:

**PRIMEIRO:** Convocar a elección do persoeiro do ano 2018, que saliente polas súas achegas nos ámbitos cultural, científico, filantrópico, profesional ou calquera outro no que dalgunha maneira puidera ter contribuído tamén á mellora ou engrandecemento de Redondela.

**SEGUNDO:** Invitar a todos os colectivos culturais inscritos no rexistro municipal de asociacións e os centros educativos do concello. Cada colectivo e centro educativo, sempre con anterioridade ao 28 de xaneiro de 2018, poderá presentar unha candidatura, debéndoo facer mediante unha memoria na que se fundamenten os méritos da personalidade proposta, que cumprirá os seguintes condicionantes:

1. Persoa real.
2. Falecida.
3. Nada ou vinculada a Redondela.
4. Ter destacado en xeral no mundo das artes, das ciencias e/ou das letras ou en calquera outro ámbito cultural, filantrópico, profesional, etc.

Documento datado e asinado dixitalmente na marxe.

---

**Concello de Redondela**

Rua Alfonso XII, 2, Redondela. 36800 Pontevedra. Tfno. 986400300. Fax: 986403894